



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 31 DE MAIO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00023418Q.

Aprobación de Actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes as seguintes sesións:

- Extraordinaria-urxente do 4 de maio de 2021.
- Extraordinaria-urxente do 7 de maio de 2021.
- Ordinaria do 10 de maio de 2021.
- Extraordinaria-urxente do 11 de maio de 2021.
- Ordinaria do 18 de maio de 2021.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/57/2016.

Prorroga do contrato para a prestación do servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de centros cívicos do Concello de Santiago de Compostela suscrito por este Concello coa empresa FERROVIAL SERVICIOS SA (CON/57/2016)

Acórdase prorrogar o contrato suscrito por este Concello coa empresa FERROVIAL SERVICIOS SA para a prestación do *servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de centros cívicos do Concello de Santiago de Compostela*, por un prazo de seis meses a contar dende o 1 de xuño de 2021. O gasto necesario (560.122,74 euros) financiarase con cargo á aplicación 040 33403 22799 00

3. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00023704A.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 21 ao 27 de maio de 2021.

URXENCIAS

4. CIRCULAR TELETRABALLO 1/2021. CIRCULAR SOBRE A MODALIDADE DO TELETRABALLO PARA O PERSOAL EMPREGADO MUNICIPAL

Acórdase:

Primeiro.- Todo o persoal empregado que ocupe despachos ou recintos illados de postos de traballo de maneira individual, voltarán ao traballo na modalidade presencial sen quendas do 50%.

Segundo.- O persoal dos postos de traballo emprazados en espazos ou recintos compartidos que posúan ventilación natural ou mecánica para minimizar a exposición ao COVID-19, voltará ao traballo presencial sen quendas do 50%.

Terceiro.- O persoal empregado que non se atope en ningún dos supostos anteriores, manterá as quendas de 50% de teletraballo, a fin de evitar posibles contaxios e o peche de ningún departamento municipal.

Cuarto.- Exclúense dos apartados primeiro e segundo aos seguintes colectivos de persoal empregado: as persoas declaradas vulnerables á COVID-19 polo servizo de Medicina Laboral e con indicación do teletraballo como medida de protección, sen opción ao traballo presencial.